



Estimados pais/nais/titores/as:

O vindeiro **luns 23 de maio terá lugar a xornada de votación das familias** dentro do procedemento de solicitude de cambio de xornada escolar (Artg. 5 da Orde de 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil e primaria, colexio rurais agrupados, centros públicos integrados e centros privados concertados).

A efectos de establecer o censo total no sector das familias, computarase a nai ou o pai ou un dos titores legais do alumnado do centro no que se pretende cambiar a xornada (Artg. 2.a.4 da Orde de 29 de maio).

O horario de votación será:

9:30h. a 13:30h.

15:00h. a 19.00h.

Para seguir coa tramitación da solicitude cambio de xornada **é necesario o acordo favorable do 58% do total do censo de familias.**

A abstención, o voto nulo e o voto en contra teñen os mesmos efectos en contra da solicitude de cambio de xornada.

É un cambio importante para o centro e é necesaria a maior participación posible para garantir o éxito da consulta.

Na páxina web e no taboleiro do centro pódese consultar o documento de Proxecto de Modificación de Xornada Escolar que recolle a argumentación, o horario e as actividades extraescolares que se presentará xunto coa solicitude á Xefatura Territorial de Educación.

Sigrás-Cambre, 20 de maio de 2016

A Directora

Asdo. Estrella Jiménez Ortega

